



12970


INSTRUCCIÓN SOBRE O ACCESO, MATRÍCULA E EFECTOS ACADÉMICOS DAS PROBAS DE CLASIFICACIÓN (XUÑO 2011) NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA


A Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, co fin de facilitar información ás escolas de idiomas sobre o proceso de matrícula nas probas de clasificación que darán acceso ao curso 2011-12 nestes centros, dita as seguintes instrucións:

1. As probas de clasificación teñen por obxecto facilitar a incorporación a calquera curso e nivel dun idioma do alumnado que dispoña de coñecementos previos do mesmo.
2. Terán dereito a realizar as probas de clasificación para cada idioma aquelas persoas que desexen acceder por primeira vez ás ensinanzas de idiomas na modalidade presencial.
3. Así mesmo, poderán realizar estas probas as persoas que cursaran con anterioridade estudos do idioma e que non se tiveran matriculado en réxime oficial nos dous cursos anteriores ao que desexen acceder (2009-10 e 2010-11). Este alumnado deberá ter en conta que se o resultado da proba lle da acceso a un curso que xa superara nese idioma non poderá cursalo de novo, polo que o resultado da proba non terá efecto.
4. O prazo de inscrición nas probas de clasificación será do 18 de maio ao 8 de xuño de 2011.
5. As probas de clasificación realizaranse en dúas sesións. A primeira sesión, que incluírá as probas de comprensión de lectura, expresión e interacción escrita e comprensión oral, terá unha duración total de 2 horas e realizarase de acordo co calendario que se achega no anexo. A segunda sesión, cunha duración de 5 minutos, incluírá a proba de expresión oral e realizarase nas datas que cada escola deberá fixar e publicar cun mínimo de 7 días de antelación á súa realización.
6. O alumnado que se inscriba nas probas de clasificación terá que realizar tamén a preinscrición no primeiro curso do nivel básico do idioma correspondente, se desexa optar a unha praza no caso de non obter o acceso por proba de clasificación a un curso superior.
7. A incorporación ao curso que determine o resultado da proba estará suxeita á dispoñibilidade de prazas en dito curso. A incorporación a un curso superior a primeiro de nivel básico non dará dereito en ningún caso á certificación dos cursos ou niveis inferiores.
8. O resultado obtido nas probas de clasificación terá unha validez de dous cursos académicos (2011-12 e 2012-13) aos efectos de formalizar a matrícula en calquera das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.
9. As escolas oficiais de idiomas deberán cubrir o informe estatístico que se achega en formato electrónico e envialo á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do 30 de xuño de 2011.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011.

O subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas Especiais de Réxime Especial


Juan Durán Alonso



SR(A)S. DIRECTORAS/ES DAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA



ANEXO

PROBAS DE CLASIFICACIÓN

CALENDARIO DE REALIZACIÓN

XUÑO 2011

Alemán	14 de xuño	16:00
Chinés	14 de xuño	10:00
Español para estranxeiros	13 de xuño	10:00
Francés	16 de xuño	16:00
Galego	16 de xuño	10:00
Inglés	15 de xuño	16:00
Italiano	15 de xuño	10:00
Portugués	13 de xuño	16:00
Xaponés	13 de xuño	10:00

As probas de expresión oral serán fixadas por cada EOI.